



FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO

Avd. Infanta Elena, S/N-Casa de Deporte

27003 Lugo

Teléfono: 982 240 241

Correo electrónico: galega@fegato.es



**DEPORTE
GALEGO**

xuntaelectoral2026@fegato.es

PROCESO ELECTORAL 2026

ACTA NÚMERO 02/2026

XUNTA ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO PARA APROBACION DAS OPCION A ESTAMENTO E ESPECIALIDADE PRESENTADAS

DATA: 10 de xullo de 2026

HORA INICIO: 16 H

LUGAR: VIDEOCONFERENCIA

ASISTENTES:

D./D^a. Santiago Alonso de la Peña (Presidente)

D./D^a. Pilar Vidal Barrio (Secretaria)

D./D^a. Guillermo Manuel Picón (Vocal)

ORDE DO DÍA

Recepción, comprobación e validación das solicitudes de opción de estamento e especialidade presentadas polos electores ata o día de hoxe as 14:00 h

Aprobación do listado de solicitudes admitidas para a súa integración e depuración no Censo Electoral Provisional.

Publicación do listado validado como Anexo de conformidade para a súa comprobación pública.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

PRIMEIRO.- Exame das solicitudes de opción de estamento e especialidade.

Pola Secretaria da Xunta Electoral dase conta de que na xornada de hoxe finalizou o prazo regulamentario para que os electores que reúnen as condicións para formar parte do censo en máis dun estamento ou especialidade puidesen exercer o seu dereito de opción, utilizando para iso os formularios oficiais dispostos na sección web "Eleccións 2026" da Federación.

A Secretaria presenta formalmente o rexistro consolidado nun soporte dixital de folia de cálculo (Excel) que recolle a totalidade das peticións transmitidas polos interesados. Os membros da Xunta Electoral proceden á comprobación individualizada de cada solicitude, verificando que os peticionarios figuran con dereito a voto no censo inicial e que cumpren estrictamente os requisitos esixidos para a adscrición solicitada (especialidades de Precisión, Plato, Recorridos de Tiro, F-Class, e estamentos de Deportistas, Xuíces ou Adestradores).

SEGUNDO.- Validación de solicitudes e aprobación do documento de corrección.

Tras cotexar os datos, a Xunta Electoral acorda por unanimidade declarar como válidas e admitidas



FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO

Avd. Infanta Elena, S/N-Casa de Deporte

27003 Lugo

Teléfono: 982 240 241

Correo electrónico: galega@fegato.es



DEPORTE
GALEGO

xuntaelectoral2026@fegato.es

PROCESO ELECTORAL 2026

todas as solicitudes que cumpren a normativa electoral. Estas solicitudes integraranse de xeito definitivo no Censo Electoral Provisional nos seus respectivos estamentos e especialidades de elección.

A folla de cálculo revisada e validada pola Xunta Electoral incorpórase formalmente a este documento

baixo a denominación de **"ANEXO I: Listado de Solicitudes de Opción de Estamento e**

Especialidade Admitidas", formando parte inseparable da presente acta. Indicar que se pon a licencia que poñían na solucitude, que na súa maioría é a licencia federativa como deportista, pero si están nos outros censos os que optan, polo que son admitidos.

TERCEIRO.- Publicación do Anexo para comprobación e efectos informativos.

Co obxectivo de garantir a máxima transparencia e facilitar que calquera tirador ou interesado poida efectuar a oportuna verificación dos seus datos e comprobar a súa correcta asignación no censo, a Xunta Electoral dispón a publicación inmediata do devandito Anexo I.

1. Listado de solicitudes de opción de estamento e especialidades admitidas

A difusión realizarase a través do taboleiro de anuncios físico da Federación e na sección habilitada na páxina web oficial (fegato.gal). Esta publicación servirá de base informativa previa á resolución de calquera reclamación sobre o Censo Provisional.

ACORDOS ADOPTADOS

Aprobar o listado definitivo de electores que exerceron en prazo a súa opción de estamento e especialidade, cujos nomes constan detallados no documento técnico anexo.

Ordenar a inserción do mencionado Anexo I na web oficial de FEGATO para a comprobación pública por parte dos estamentos interesados.

Non habendo máis asuntos que tratar, lévántase a sesión ás 17 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta que, en proba de conformidade, asinan Presidente e Secretaria desta Xunta Electoral

Vº e Prace,

O Presidente da Xunta Electoral

A secretaria da Xunta Electoral

Santiago Alonso de la Peña

Pilar Vidal Barrio